

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO ÁMBITO DA INVESTIGACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2017

COMPARECEN

Dunha parte, Don Jesús Vázquez Almuiña, conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito a dita Consellería, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro; cos Decretos 41/2013 e 43/2013, de 21 de febreiro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, Don Juan Manuel Viaño Rey, na súa condición de reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC), con CIF Q1518001A, con domicilio no Colexio de San Xerome - Praza do Obradoiro, s/n (15782 Santiago de Compostela), en virtude do seu nomeamento operado por Decreto 62/2014, de 28 de maio, con poderes suficientes para a celebración deste acto, de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (BOE de 24/12/2001) e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro.

Ambas partes, na representación invocada, recoñécense a capacidade necesaria para a sinatura do presente convenio marco e, para tal efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, e na Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade, ten por obxectivo, de conformidade co artigo 93.5 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a provisión dos servizos e das prestacións da atención sanitaria individual de cobertura pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do marco básico de financiamento do Sistema Público de Saúde de Galicia, garantindo os dereitos sanitarios recoñecidos nesa lei.

A Estratexia Sergas 2020 establece como unha das súas liñas estratéxicas impulsar a xestión do coñecemento e a investigación, a través de innovacións organizativas, con liderado en investigación, atracción de financiamento para investigación e aproveitamento de coñecementos particulares para a mellora común do sistema.

Para tal efecto, e de conformidade co previsto no artigo 94.c) e e) da citada Lei 8/2008, do 10 de xullo, o Servizo Galego de Saúde exerce o goberno, a dirección, e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitario propios ou adscritos.

SEGUNDO.- Dentro da estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e adscrita á Secretaría Xeral Técnica, o artigo 8 do Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, configura a Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información, como unidade responsable de planificar, executar e/ou coordinar calquera iniciativa que se leve a cabo no ámbito dos sistemas e tecnoloxías da información na Consellería de Sanidade, no Servizo Galego de Saúde e entidades adscritas.

No ámbito das funcións atribuídas a esta unidade atópanse a planificación estratéxica, o deseño, adquisición, implantación, formación, soporte, normalización e mantemento dos sistemas de información sanitarios e a plataforma e servizos TIC que os sustentan, elaborando as propostas relativas á normativa nese ámbito e as medidas técnicas de todos os proxectos que impliquen integrar ou compartir información nos centros sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, constituíndo a unidade de referencia para as unidades TIC dependentes da Consellería e do Servizo Galego de Saúde, e coordinará nese ámbito os plans de formación coas unidades competentes en materia de formación.

Tamén lle corresponde asegurar a dispoñibilidade e integridade da información no sistema sanitario e da implantación de sistemas de xestión de seguridade, incluíndo o marco legal, e da calidade tanto da información como da plataforma e os servizos que a sustentan, realizando as auditorías que correspondan; e coordinar as iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sanitarias e realizar a supervisión da plataforma tecnolóxica que dea soporte a estas actividades dentro do Sistema público de Saúde de Galicia, en coordinación coas unidades competentes na materia.

TERCEIRO.- A Universidade de Santiago é unha Entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

A USC, a través do Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías da Información (en adiante CITIUS), dispón de investigadores de valía profesional e prestixio recoñecido, así como de medios técnicos axeitados para levar a cabo a bo fin as actividades mencionadas.

CUARTO.- O artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, prevé que os axentes e organismos públicos de investigación, poidan subscribir convenios de colaboración entre si ou con axentes (nacionais, supranacionais ou estranxeiros) que realicen actividades de investigación científica e técnica, para a realización conxunta de proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; creación ou financiamento de centros, institutos e unidades de investigación; financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; formación de persoal científico e técnico; divulgación científica e tecnolóxica; ou uso compartido de inmoables, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación. Por outra banda, a citada lei, no seu artigo 35, establece que as Administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, fomentarán a valorización, a protección e a transferencia do coñecemento co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade.

As partes interviñentes consideran esencial o establecemento dunha colaboración científica que permita levar a cabo actividades conxuntas de I+D para a validación das tecnoloxías da Información pola USC, a través do CITIUS e a súa implantación nos sistemas do Servizo Galego de Saúde. Esta circunstancia xustifica o carácter excepcional e de interese público das accións a desenvolver, como servizo esencial para a comunidade, para promocionar a realización de proxectos de investigación sanitaria no Sistema Público de Saúde.

QUINTO.- Que as partes interviñentes están de acordo en realizar diferentes colaboracións científicas específicas no ámbito das Tecnoloxías da Información aplicadas á Saúde, a través dos centros mencionados neste convenio marco, para o que teñen decidido intensificar as súas

relacións, unir esforzos e establecer normas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro dun Convenio preestablecido, os contactos e colaboracións de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O obxecto deste convenio é establecer o marco que rexerá as relacións entre as partes na xestión de proxectos en materia de validación de diferentes tecnoloxías relacionadas coa e-saúde resultado da investigación realizada pola USC, así como a súa valorización e transferencia mediante a súa implantación no Servizo Galego de Saúde.

A valorización e transferencia de cada unha das tecnoloxías realizarase mediante convenios específicos encamiñados á posta en funcionamento e aplicación de tecnoloxías concretas no ámbito da e-saúde.

De conformidade coa Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, coa Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos arts 44 e 45 da Lei 7/2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso á Administración Autonómica, para incluír e facer públicos os datos referidos ao presente acordo nos Rexistros de Convenios da Xunta de Galicia, polo que o Servizo Galego de Saúde dará publicidade deste acordo de conformidade co que establecen as disposicións aplicables na materia.

SEGUNDA.- DEFINICIÓNS.

Para os efectos do presente convenio, e dos convenios específicos a que poida dar lugar, entenderase por:

1. Tecnoloxías previas.- Calquera tipo de tecnoloxía, datos e información non pública, incluíndo os segredos industriais, solicitudes de patentes, técnicas, procesos, protocolos experimentais, deseños, outros dereitos de propiedade industrial e intelectual, *know-how* e, en xeral, calquera información técnica, que obren en poder de calquera das partes con anterioridade á data de inicio de calquera colaboración específica que se estableza a partires do presente convenio, ou ben se desenvolvesen ou adquirisen a partires de entón, pero que non sexan consecuencia das actividades realizadas como consecuencia das colaboracións específicas que se establezan de conformidade co presente Convenio.

2. Tecnoloxías adquiridas.- Conxunto de datos, informes, patentes, solicitudes de patentes, técnicas, procesos, protocolos experimentais, deseños, outros dereitos de propiedade industrial e intelectual, *know-how* e, en xeral, calquera información técnica ou tecnoloxía xeradas como consecuencia das colaboracións específicas que se desenvolvan ao abeiro do presente Convenio.

TERCEIRA.- COMPROMISOS E CONDICIÓNS XERAIS DAS COLABORACIÓNS.

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde comprométense a que, no desenvolvemento dos proxectos que se leven a cabo, se difunda a posibilidade do seu persoal de participar na potencial aplicación dos procesos e procedementos xerados e/ou implantados, e a facilitar o seguimento destas actividades e a análise dos resultados e de cumprimentación de indicadores de calidade establecidos.

En correspondencia co anterior, a USC a través do CITIUS comprométese a proporcionar e poñer ao dispor dos proxectos e iniciativas os medios necesarios, colaborar e participar de forma activa na súa eventual implantación, manter contacto e intercambio de información cos profesionais implicados nos proxectos; facilitar os medios técnicos necesarios, que deberán ser compatibles coas ferramentas e instrumentos do Servizo Galego de Saúde e pasar os seus mesmos procedementos de calidade, control

e seguridade, para levar a cabo o obxecto do presente convenio marco e dos convenios e instrumentos específicos que poidan asinarse no seu desenvolvemento.

A intervención de terceiros alleos ao Servizo Galego de Saúde ou á Consellería de Sanidade, non implica a existencia de relación laboral ou de servizo entre aqueles e a administración sanitaria, de xeito que non poderá reclamarse a esta por aspectos ou efectos derivados de dita intervención.

Ambas partes asumen o compromiso de levar a cabo o cumprimento de todas as obrigas que se pacten nos convenios específicos que se asinen para o desenvolvemento do obxecto do presente convenio marco, así como facer pública a súa participación nas actividades obxecto do mesmo.

CUARTA.- DESENVOLVEMENTO.

O presente convenio marco será obxecto de desenvolvemento mediante a conclusión de acordos ou convenios específicos de colaboración en relación a actividades, proxectos ou iniciativas particulares ou específicas relacionadas co seu obxecto, ou a través dos instrumentos xurídicos que, en cada caso, se consideren axeitados.

Ditos acordos, convenios particulares, ou outros instrumentos, concretarán os aspectos técnicos, xurídicos, temporais ou económicos relativos ás actividades a desenvolver en cada caso, con suxeición ás normas que rexen a tramitación e conclusión de convenios de colaboración por parte dos organismos públicos ou dos instrumentos xurídicos que, no seu caso, se formalicen.

Quedan excluídas do obxecto de ditos acordos ou convenios específicos aquelas materias ou prestacións que poidan ser susceptibles de contratación administrativa.

Para a materialización dos proxectos en desenvolvemento do obxecto deste convenio marco, deberán asinarse acordos ou convenios específicos de colaboración, nos que se recollerán como mínimo, os seguintes aspectos:

- Obxecto e aspectos técnicos dos proxectos.
- Aspectos xurídicos, temporais e de vixencia dos mesmos.
- Réxime das obrigas económicas, no seu caso, de cada convenio.

QUINTA.- NON EXCLUSIVIDADE E PARTICIPACIÓN DE TERCEIROS.

Este convenio marco no limita ás partes interviñentes para establecer acordos de colaboración con terceiros, se fose necesario, para outras accións relacionadas co obxecto do mesmo. Así mesmo, as partes asegurarán que ditos colaboradores coñezan e acepten as cláusulas establecidas no presente convenio.

Cando as partes o consideren conveniente e compatible coas respectivas liñas e ámbitos de actuación, poderán acordar a participación de terceiras entidades, públicas ou privadas, nos proxectos que se desenvolvan a partires deste convenio marco, nos termos e condicións que para cada caso se establezan nos acordos específicos de desenvolvemento do mesmo.

En concreto, o Servizo Galego de Saúde poderá encomendar, entre outros, á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, para a realización de actividades formativas e non formativas obxecto do seu ámbito estatutario de actuación e competencias propias, para o cumprimento dos convenios que se asinen entre as partes para o desenvolvemento do seu obxecto.

SEXTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO.

Para facilitar o seguimento e cumprimento das actividades a desenvolver, constituirase una Comisión Mixta paritaria integrada por:

- Un/unha representante designado/a pola persoa titular da Vicerreitoría de Investigación e Innovación da USC.
- Un/unha representante designado/a pola Xerencia do Servizo Galego de Saúde.
- Un/unha representante designado/a pola Consellería de Sanidade.
- Un/unha representante designado/a polo CiTIUS.

Dita comisión será a encargada da coordinación, execución e seguimento do presente convenio, e dos convenios específicos que se asinen ao abeiro deste.

A comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes e, en todo caso, polo menos unha (1) vez no ano.

A *Comisión Mixta* emitirá unha avaliación anual do seu cumprimento e do grado de desenvolvemento do mesmo. Unha vez finalizado o período de aplicación do presente convenio marco dita comisión realizará unha avaliación final, que fará pública ante os órganos reitores das institucións asinantes.

Á Comisión Mixta correspóndelle, entre outras, as seguintes funcións

- Propoñer posibles colaboracións en temas de interese común.
- Preparar as colaboracións específicas de execución do presente Convenio marco sobre as materias seleccionadas, dentro das modalidades de colaboración establecidas na cláusula segunda.
- Elevar as propostas que elabore aos órganos competentes das partes asinantes.
- Realizar o seguimento do presente convenio e das colaboracións específicas que se subscriban, así como aclarar e decidir cantas dúbidas se poidan plantexar na súa interpretación e execución.

SÉTIMA.- EQUIPAMENTO

Os bens aportados por unha parte nun proxecto común serán sempre da súa propiedade. A propiedade de equipamentos e/ou materiais adquiridos nun proxecto común determinarase, en cada caso, no documento que regule a colaboración específica correspondente.

OITAVA.- FINANCIAMENTO

A subscrición do presente Convenio non comporta obrigas económicas para ningunha das partes. Para a realización das diferentes actividades específicas que se materialicen, o respectivo convenio establecerá a aportación de cada parte, dentro das súas dispoñibilidades.

NOVENA.- CONFIDENCIALIDADE

Uso da Tecnoloxía previa.- As partes asinantes resérvanse a facultade de utilizar a *Tecnoloxía Previa* da que son propietarias, en actividades propias da súa función investigadora así como noutras posibles aplicacións futuras, e de facer a difusión que considere axeitada.

As *Partes* manterán como confidencial calquera *Tecnoloxía Previa*, sempre que non sexa de dominio público, que reciba da outra Parte, non desvelándoa de ningunha forma sen autorización expresa da outra *Parte* e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo correspondente Convenio.

Neste sentido, a Parte receptora da *Tecnoloxía previa* manterá a súa confidencialidade e estrito segredo, e evitará rebelala a calquera, fóra daquel persoal autorizado, e soamente naqueles temas necesarios para o obxecto de cada colaboración específica. En calquera caso, cada Parte deberá, previamente, conseguir do citado persoal un compromiso co fin de manter o segredo e exercer todos os esforzos razoables para reforzar tal compromiso.

A Tecnoloxía Adquirida, como datos e informes obtidos durante a realización das colaboracións específicas que se desenvolvan ao abeiro do presente convenio, así como os resultados parciais e/ou finais, terán carácter confidencial, polo que non poderán ser obxecto de difusión de ningún tipo sen autorización previa de todas as partes.

Tanto en publicacións coma en patentes respectarase sempre a mención aos autores do traballo. En calquera dos casos de difusión se farase sempre especial referencia ao correspondente Convenio.

En calquera caso, tanto a USC coma o Servizo Galego de Saúde poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización dos proxectos en actividades propias da súa función investigadora.

Limitación da Confidencialidade.- As obrigas de confidencialidade contraídas no presente Convenio, ou nos convenios específicos que o desenvolvan, cesarán só cando se poida demostrar clara e convincentemente, mediante evidencia escrita, que dita *Tecnoloxía Previa* e/ou *Tecnoloxía Adquirida* (i) se fixese de dominio público, sen que exista incumprimento pola *Parte* que a difundise, ou que, (ii) fose coñecida pola *Parte* que a difundise, antes de serlle rebelada pola outra *Parte*, ou que, (iii) lle fose rebelada á *Parte* que a difundise por un terceiro que non teña ningún compromiso ou obriga de segredo ou confidencialidade, ou que, (iv) fose ou se fixese dispoñible á *Parte* que a difundise a partires de desenvolvementos propios executados polo seu persoal sen que este coñecese, ou tivese accedido ou utilizado a referida *Tecnoloxía Previa* e/ou *Tecnoloxía Adquirida*, ou que (v) fose requirida a unha das *Partes* polas Autoridades, en cuxo caso deberá notificar inmediatamente esta circunstancia á outra *Parte*.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ademais do resto de lexislación vixente nesta materia, as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal a que teñan acceso en virtude do presente convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan utilizalas para usos diferentes aos previstos no mesmo, e fan constar, de maneira expresa, que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso. Estas obrigas subsistirán mesmo despois de finalizar as relacións entre as partes.

DÉCIMA.- PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL

A propiedade intelectual e industrial derivada das accións precisas para a materialización do obxecto do convenio marco e dos convenios específicos que se asinen suxeitarase ás disposicións legais vixentes na materia, así como nas previsións establecidas pola Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde ou polas partes asinantes nesta materia.

Cada parte seguirá a ser propietaria da *Tecnoloxía Previa* aportada para o desenvolvemento das colaboracións específicas, polo que non se entenderá cedida á outra *Parte* en virtude do presente Convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- DURACIÓN

O presente Convenio producirá efectos a partires da data da súa sinatura e manterá a súa vixencia catro anos, agás que sexa rescindido por mutuo acordo das partes ou por denuncia de calquera das partes, mediante comunicación escrita cunha antelación de 3 meses á data de finalización. En calquera caso, deberán rematarse os compromisos adquiridos nas colaboracións específicas que estivesen vixentes nese momento.

DECIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

As partes poderán, de mutuo acordo, modificar o presente convenio en calquera momento durante a súa vixencia.

Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia expresa formulada por calquera das partes, formulada por escrito con 3 meses de antelación.
- O mutuo acordo das partes asinantes.
- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- A ausencia de desenvolvemento do convenio mediante os acordos específicos necesarios.

A resolución do convenio non impedirá rematar as tarefas ou colaboracións específicas que se atopen en desenvolvemento.

DECIMO TERCEIRA.- NATUREZA E XURISDICIÓN

O presente acordo ten natureza administrativa e rexerase polas súas cláusulas, pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo.

De conformidade co disposto no artigo 4.1.d) do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente acordo marco de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse, de acordo co sinalado no artigo 4.2 do citado texto legal.

As dúbidas que se poidan suscitar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola comisión de seguimento. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

E en proba de conformidade, as Partes asinan o presente documento, por triplicado exemplar, no día e lugar consignados no seu encabezamento.

Pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde.	Pola Universidade de Santiago de Compostela
Asdo.- Jesús Vázquez Almuiña	Asdo. Juan M. Viaño Rey